

**VI SEMINARIO SOBRE A MEMORIA**  
**“O exilio, a muller e a guerrilla: o *Gardarríos*”**

**8, 9, 10 de maio de 2015**

**PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS**

1. Segue considerándose a actividade, igual que nas edicións precedentes, como un interesante exercicio de análise e comprensión dun fenómeno histórico moitas veces descoñecido e, outras, declaradamente ignorado.
2. Neste sentido, o Seminario tratou de contribuír ao obxectivo de traer ao presente a Galiza resistente, insumisa, que mantivo a defensa das liberdades pola única vía posible no primeiro franquismo: a democracia armada que foi a guerrilla.
3. A actividade contribuíu tamén á reflexión sobre a transmisión da experiencia das mulleres da resistencia armada ao franquismo, os obstáculos que deberon superar, a construción do silencio...
4. Resulta evidente a necesidade dunha nova lectura do pasado, da cultura de resistencia e da imposición de modelos políticos relacionados, particularmente, co PCE no exterior de España.
5. A sociedade, e o ámbito educativo en especial, necesitan dunha revisión histórica do relato que foi escrito desde a Guerra Civil ata hoxe en día. Unha revisión de todas as partes participantes para poder transmitir un coñecemento real do sucedido.
6. Crese moi necesaria a visibilización de feitos e de realidades, pero tamén é preciso valorar por que a reflexión sobre a represión non chega a camadas amplas da poboación, por que sempre as sensibilizadas son as mesmas persoas...
7. Interactuar co pasado significa construír o presente e propoñer liñas de actuación para o futuro. Este tipo de Seminarios afonda nas respostas que nos identifican con ese espazo simbólico e constrúe a nosa identidade.
8. Emoción implica motivación, pero... como emocionar especialmente o alumnado? O Seminario ofreceu, neste sentido, algunhas pistas interesantes de cara a ese obxectivo.
9. O traballo de campo é fundamental para vivir *in situ* o que pasou e poder comprender mellor os feitos, aínda sendo estes irracionais as máis das veces.
10. É importante construír lugares de encontro entre xeracións para comprender a realidade. En moitas ocasións a clave está, claro, no relato dos avós, das avoas.
11. Neste sentido, resulta fundamental achegar ás novas xeracións a memoria dos maiores e facela próxima e divertida, motivadora.

12. O espírito docente que presidiu o Seminario foi un dos seus trazos distintivos. En futuras edicións debe afondarse a vertente didáctica e educativa da actividade.
13. Os temas centrais que abordou o Seminario son inesgotables, cheos de vida e motivadores. En futuras edicións deben ser tratados con máis profundidade algúns dos asuntos que foron tomando forma na presente edición.
14. Así, de cara a próximos Seminarios manéxanse, entre outras, cuestións como:
  - As misión pedagóxicas nas parroquias.
  - O papel da sección feminina.
  - A represión dos mestres e mestras.
  - Os medios cos que contaba a medicina no momento.
  - A represión sobre os descendentes (fillos...), a segunda ou terceira xeracións.
  - O papel da psiquiatría desde a perspectiva da persoa represaliada.
15. Considerando como unhas das facetas máis interesantes do Seminario o contacto directo con persoas que tiveron relación de algún modo coa guerrilla e coa represión, os asistentes decidiron tratar de convocar unha xornada de convivencia e de intercambio de experiencias en Mondoñedo, nos meses de setembro-outubro, na que estarían presentes testemuñas directas da represión do primeiro franquismo.